

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019  
PRAZAS POLICÍA LOCAL**

**DECLARACIÓN XURADA**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_

1. Manifesta estar en posesión da titulación académica oficial esixida nas bases reitoras do proceso selectivo convocado para a provisión da praza á que opta, ou ben estar en condicións de obtela con anterioridade á data de toma de posesión, manifestando a veracidade e autenticidade da mesma e comprometéndose a aportala cando así se lle requira polo Concello de Vigo, e en todo caso no prazo de 20 días contados dende a publicación da relación de aspirantes aprobados no proceso selectivo.
2. Igualmente, asume baixo a súa exclusiva responsabilidade a manifestación da veracidade dos datos consignados na solicitude e da documentación indicada na mesma, aceptando que a carencia ou falsidade da mesma, ou a falta de achega no prazo indicado impedirá legalmente o seu nomeamento como funcionario/a de carreira ou a súa contratación como persoal laboral fixo do Concello de Vigo, así como o acto de toma de posesión na correspondente condición.
3. O/a aspirante DECLARA posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas da praza á que opta.
4. O/a aspirante DECLARA expresamente non estar separado do servizo mediante sanción disciplinaria nas Administracións estatal, autonómica ou local, non atopándose inhabilitado para o desempeño de funcións de carácter público, nin incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente, tendo coñecemento de que o réxime de prestación do servizo no Concello de Vigo é o de adicación exclusiva.
5. O/a aspirante DECLARA cumprir os requirimentos de idade do art. 56 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
6. O/a aspirante DECLARA cumprir os requirimentos de nacionalidade do art. 57 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ademais, para o caso das prazas de Policía Local:

1. Non ten sido condenado/a por delito doloso, nin está inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin foi separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
2. Posúe a estatura mínima requirida nas bases da convocatoria.
3. Comprométese a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas e posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Vigo,            de            de 2021

Asinado